



Estimados pais e nais:

A través desta carta, queremos darlles a benvida ao novo curso académico 2020/2021. Ao mesmo tempo, informamos dos seguintes temas relacionados coa ANPA.

- **CUOTA ANPA + SEGURO ESCOLAR:** A cuota para este ano, debido a situación especial que estamos atravesando a causa do COVID, será de 20€ (14 cuota anpa + 6 seguro). En caso de ser varios irmáns, non se volvería a cobrar a cuota de socio, só o seguro (2 irmáns 26€, 3 irmáns 32€). O seguro escolar cubre calquer percance que poida ocorrer aos nenos nas actividades extraescolares, comedor, festas organizadas pola ANPA e tamén as saídas e excursións que se programen para o curso e organizadas pola ANPA. Como a causa do COVID non se poderá levar a cabo todo o que nos gustaría, **ESTE ANO O SEGURO CUBRIRÁ TAMÉN O HORARIO LECTIVO (dito sobrecusto será sufragado cos fondos da ANPA).**
- **CARNET DE SOCIO:** Hai que ser socio da ANPA para participar nas actividades citadas anteriormente. Os carnet serán entregados a cada titora para a súa entrega aos nenos unha vez remate o prazo de inscrición.
- **PAGO CUOTA:** O pago da cuota realizararase da seguinte forma:
 - o Mediante ingreso/transfencia na conta de Abanca, especificando no **concepto:** **CUOTA ANPA 2020/2021 e nome e apelidos do pai/nai/titor** (ten que coincidir co que figura na folla de inscrición). Posteriormente deberá enviarse a folla de afiliación cumplimentada xunto ao xustificante de pago e o documento de protección de datos cuberto ao correo anpaescarabote@gmail.com ou entregarse nun sobre cerrado á titora do neno nas datas indicadas.
 - o Sexa cal sexa o medio empregado, o ANPA porase en contacto, ben vía mail ou vía whatsapp para confirmar a recepción.

O número de conta é o seguinte: ES70 2080 0384 4130 4001 4929

- **INSCRIPCIÓN NO ANPA:** a partir do luns día 28 de setembro e ata o venres día 30 de outubro.
- **DÚBIDAS OU ACLARACIÓNS:** no correo anpaescarabote@gmail.com, deixando un teléfono de contacto.
- **Nota:** remítese tamén a inscrición para o comedor, que será posto en marcha en outubro, sempre que se cubra o número mínimo esixido. No caso de superar o máximo, teranse en conta as normas de preferencia do regulamento, polo que se recomenda entregalo canto antes.

ANPA "A Canteira"



C.E.I.P. Escarabote

IMPRESO ALTA E RENOVACIÓN DE SOCIOS 2020/2021

PAI/NAI/TITOR: _____

DNI: _____

- NOME ALUMNO
1: _____ Curso: _____ (20€)
- NOME ALUMNO 2: _____
Curso: _____ (+6€)
- NOME ALUMNO
3: _____ Curso: _____ (+6€)

ENDEREZO: _____

TELÉFONO: _____ /// _____

E-MAIL: _____

____ AUTORIZO a introducción no grupo de whatsapp do Anpa co seguinte número de teléfono: _____ (marque una equis no caso de autorizalo)

En Boiro, de de 20__

Asdo.- (Pai/Nai/Titor).

En cumprimento do disposto pola Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD), e o Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo informaselle que os seus datos de carácter persoal serán incorporados nun ficheiro propiedade da ANPA A CANTEIRA do CEIP ESCARABOTE con dirección en Lampón, Escarabote. C. P. 15992 de Boiro (A Coruña)

A ANPA A CANTEIRA DO CEIP ESCARABOTE garántelle a adopción das medidas de seguridade oportunas para garantir o tratamento confidencial dos devanditos datos. Poderá exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento dos seus datos persoais, nos termos e condicións previstos na LOPD mediante carta dirixida á Xunta Directiva da ANPA.

Así mesmo, infórmaselle de que os seus datos poderán ser cedidos a:

- A empresa que xestione o servizo de comedor, madrugadores e autobús, no caso de levarse a cabo.
- As empresas ou entidades organizadoras de actividades extraescolares.
- Compañías aseguradoras, póliza de accidentes.
- A entidade bancaria contratada para domiciliacións bancarias.
- A xestoría administrativa que preste servizos de asesoramento á ANPA.

Só se comunicarán os datos necesarios para o cumprimento destas finalidades. No caso de que vostede non autorice esta comunicación deberá polo en coñecemento da ANPA A CANTEIRA DO CEIP ESCARABOTE.

En Boiro, a _____ de..... de 20__..

Recibido e Conforme (Nome, apelidos, DNI e firma)

Asdo.: